

Calendario 2016



Pontes que unen

No CalendaRío do 2016 que tes nas mans presentamos algunhas das actividades programadas dende o Proxecto Ríos para este ano ás que se irán engadindo novas propostas. Como é costume, recibiredes mensualmente o Gardarríos coas novas destacadas do Proxecto Ríos, así como doutras entidades.

Remitímosvos á nosa páxina web e Facebook do Proxecto Ríos para que vos informedes polo miúdo de programas, crónicas, fotos, etc. O *CalendaRío* 2016 está aberto ás vosas propostas e suxestións xa que este é un proxecto participativo.

O protagonismo do calendario 2016 é para as infraestruturas que dende hai moitos séculos empregamos as persoas para cruzar os ríos. No *país dos ríos*, as súas xentes construíron ao longo do territorio multitude de estruturas coa idea de unir as dúas beiras dos cursos fluviais. Desde humildes pasadoiros, portos ou pontillóns até pontes máis elaboradas, como as romanas ou medievais e as actuais, axeitando cada ponte ao tamaño do río e á arquitectura da época. Galiza conta cun enorme e variado patrimonio do que aquí vos presentamos unha mostra.

Animámosvos a que vos acheguedes ao río máis próximo a descubrir e gozar deste patrimonio material construído. Podedes enviarnos fotos de portos, pasais, pontillóns e pontes para ilas subindo ao Facebook do Proxecto Ríos.

Pontes que unen



Pequena ponte dun só arco e duns cinco metros de lonxitude de posible orixe romana ou medieval sobre o río Tinto entre os concellos de Brión e Teo. No portal patrominiogalego.net indican que posiblemente formara parte do camiño das peregrinaxes a Santiago de Compostela e tamén das antigas rutas de comercio.



Os pontillóns son construcións máis pequenas que as pontes, pero que se diferencian das pontellas en que teñen máis dun vano e polas que habitualmente non adoitaban pasar carros.



Pasoiros, poldra ou espoldras son diferentes denominacións para un tipo de paso no río no que se chantan unha serie de pedras no leito que deixan pasar a auga entre elas e sobre as que pasar camiñando.



Ponte romana de tres arcos dos mellores conservados en Galiza e sobre a que pasa a estrada OU -636 na actualidade e que foi construída para o paso da Vía Nova ou Vía XVIII do itinerario de Antonino.



Ponte de ferro que une Tui e Valença do Miño cun deseño que lembra a Gustave Eiffel e que de feito se asocia erróneamente a el ou a un dos seus discípulos. Inaugurouse en 1886 aínda que xa levaba en servizo ano e medio.



Vao e porto son denominacións para aqueles lugares nos que se pode pasar o río a pe. Xaquín Lorenzo indícanos que o porto como o da imaxe son treitos co leito do río enlousado para poder pasalos cos carros.



Ponte medieval no río Tinto. Teo e Brión

xaneiro

l	m	mé	x	v	s	d
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

febreiro

l	m	mé	x	v	s	d
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29						

2 Día mundial dos humidais
Presentación do Informe do estado
de saúde dos ríos galegos 2015





Pontillón río Arnoia. Allariz

marzo

l	m	mé	x	v	s	d
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

12 RoteiRíos
22 Día da auga

abril

l	m	mé	x	v	s	d
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	

15 Inicio da campaña de primavera
22 Día da Terra
23 Curso de formación do Proxecto Ríos





Pasos de Tatín, río Tea. Mondariz

maio

l	m	mé	x	v	s	d
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

Saídas formativas
20, 21 e 22 Campo do Tea

xuño

l	m	mé	x	v	s	d
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

5 Día do medio ambiente
8 Día dos océanos
18 Encontro do Proxecto Ríos





Ponte do Bibei, río Bibei, Pobra de Trives e Quiroga

xullo

l	m	mé	x	v	s	d
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

Big jump!!!

agosto

l	m	mé	x	v	s	d
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

Goza dos nosos ríos





Ponte Internacional, río Miño. Tui - Valença do Minho

setembro

l	m	mé	x	v	s	d
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30		

15 Inicio da campaña de outono
24 Curso de formación do Proxecto Ríos
25 Limpeza simultánea

outubro

l	m	mé	x	v	s	d
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30
31						

22 RoteiRíos





Porto no río Requeixo. Manzaneda

novembro

l	m	mé	x	v	s	d
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30				

Envío das inspeccións de río do 2016

decembro

l	m	mé	x	v	s	d
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

Informe do ríos galegos



Calendario 2016

O Proxecto Ríos é unha iniciativa de educación a voluntariado ambiental promovida por ADEGA que pretende fomentar a participación activa da sociedade na conservación dos ríos. Persoas a título individual, familias, entidades (asociacións culturais e deportivas, de pesca, etc), Administracións (consellerías e organismos xestión de augas, concellos, etc), traballan na procura dun obxectivo común: o estudo e a conservación dos ecosistemas fluviais.

Se queres recibir máis información ou tes interese en formar parte do Proxecto Ríos ponte en contacto con nós. (info@proxectorios.org)

Iniciativa:



Promove:



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

Edita:



Travesa de Basquiños Nº 9 Baixo
15704 Santiago de Compostela Galiza
Tel/fax: 981 57 00 99 e móbil; 616 23 80 50
www.proxectorios.org
www.proyectorios.org